

Regulamento do I Premio Internacional de Estudos Galegos AIEG

O Premio Internacional de Estudos Galegos, atribuído trianualmente pola Asociación Internacional de Estudos Galegos, ten como obxectivo xeral promover os Estudos Galegos no ámbito académico internacional. A Asociación Internacional de Estudos Galegos promove o premio, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e da UMinho Editora, co fin de facelo coincidir co Congreso organizado pola citada asociación.

Artigo 1º

1. O Premio Internacional de Estudos Galegos vai destinado a investigadores que desenvolven a súa pesquisa no ámbito xeral dos Estudos Galegos en universidades de fóra da Galiza e que presentaron o seu traballo académico nos últimos tres anos anteriores ao 31 de decembro do ano previo á celebración do Congreso da AIEG.
2. Os participantes deben indicar o seu nome completo, lugar de residencia, número de teléfono e correo electrónico, así como presentar fotocopia do seu Carné de identidade ou Pasaporte; ademais, debe ser indicado o nome da universidade onde foi desenvolvida a investigación.
3. Admitense traballos sobre temas de Estudos Galegos derivados de teses de mestrado, de doutoramento ou outros traballos académicos, presentados durante os 3 anos anteriores ao da celebración do Congreso da AIEG.
4. Os traballos deben estar redactados en galego e deberán ser enviados por correo electrónico á AIEG (estudiosgalegos@gmail.com) indicando no asunto "Premio Estudos Galegos".
5. O Premio ten unha dotación económica de **dous mil euros** (que estará suxeita á retención dos impostos que correspondan) e así mesmo ofrécese a **publicación** en formato de libro electrónico, na UMinho Editora, que estará dispoñible en acceso aberto nun repositorio de referencia.
6. Serán consideradas as propostas que cheguen entre o 1 de xaneiro a 1 de marzo de 2024.

Artigo 2º

1. O xurado estará composto por cinco membros. A quen exerza a presidencia e vicepresidencia da AIEG corresponderá respectivamente a presidencia e a secretaria do xurado. Os 3 vogais estarán representados por unha vogalía da Xunta Directiva da AIEG, unha persoa designada polas entidades colaboradoras e alguén non vinculado á AIEG, escollido pola Xunta Directiva en función da súa traxectoria destacada no ámbito dos Estudos Galegos.
2. O xurado é independente e do resultado das súas deliberacións non cabe impugnación.
3. O xurado poderá atribuír mencións de honra, até un máximo de tres.
4. O xurado poderá propoñer que se declare o Premio deserto.
5. O xurado dará coñecemento público da súa decisión no ámbito do Congreso Internacional de Estudos Galegos de periodicidade trianual.

Artigo 3.º

1. É competencia da Asociación Internacional de Estudos Galegos:
 - a) promover e dinamizar o mecenado do Premio;
 - b) promover a convocatoria do Premio e efectuar a debida divulgación;
 - c) promover toda a difusión e tratar dos asuntos relativos a cada edición do Premio.

Artigo 4º

As dúbidas e os casos omisos serán resolvidos polo xurado do Premio.